



JOSÉ MANUEL AMIGO VÁZQUEZ

NOTARIO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

15701 - Montero Ríos, 17 bajo

Telefs.: 981 595 356 / 981 592 666

981 592 662

Fax: 981 571 914 / 981 595 362

150780038



2025

Año.....

2080

Núm.....

MODIFICACION DE ESTATUTOS

DE LA ENTIDAD

FUNDACION CENTRO TECNOLOGICO DE
SUPERCOMPUTACION DE GALICIA

IS2605078

03/2025



José Manuel Amigo Vázquez
NOTARIO

Montero Rios, 17 bajo
Tel. 981 595 356 - Fax. 981 571 914

-- ELEVACIÓN A PÚBLICO DE ACUERDOS DE
MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS - -----

C-NÚMERO DOS MIL OCHENTA. -----

En SANTIAGO DE COMPOSTELA, mi residencia, a seis
de agosto de dos mil veinticinco. -----

Ante mí, JOSÉ-MANUEL AMIGO VÁZQUEZ, Notario del
Ilustre Colegio de Galicia, -----

= C O M P A R E C E =

Doña MARÍA DEL CARMEN COTELO QUEIJO, mayor de
edad, Directora de la Agencia Gallega de Innovación,
con domicilio a esto efectos en Santiago de Composte-
la, Avenida de Vigo s/n, y con D.N.I. 32.831.033-M. -

INTERVIENE en representación de la entidad
**FUNDACIÓN PÚBLICA GALLEGA CENTRO TECNOLÓGICO DE
SUPERCOMPUTACION DE GALICIA**, con C.I.F. G15852981,
domiciliada en esta ciudad de Santiago, Avenida de
Vigo s/nº. (Edificio CESGA), que tiene por objeto
contribuir al avance de la Ciencia y la Técnica, me-
diante la investigación y aplicación de computación y
comunicaciones de altas prestaciones, así como otros



recursos de las tecnologías de la información, en colaboración con otras instituciones, para el beneficio de la Sociedad. -----

Constituida en escritura otorgada ante el Notario de esta ciudad, Don Enrique Roger Amat, el 23 de Septiembre de 2.002, número 3.811 de protocolo, declarada de interés gallego y adscrita al Protectorado de la Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional de la Xunta de Galicia por orden de la Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes de fecha 29 de julio de 2025; modificados sus estatutos en escritura otorgada ante el Notario de esta ciudad Don Manuel Remuñán López, el día 11 de julio de 2.013, número 1.263 de protocolo, inscrita en el Registro Único de Fundaciones de Interés Gallego con el número 2002/12; por orden de 8 de noviembre de 2005. -----

Manifiesta que las referidas circunstancias de denominación, forma, domicilio y objeto sociales no han variado, resultando este último de la citada escritura de modificación de estatutos cuya copia autorizada tuve a la vista. -----

Actúa como **Presidenta del Patronato**, en su calidad de Directora de la Agencia Gallega de Innovación,



03/2025



IS2605079

cargo para el que fue elegida el día 22 de abril de 2024 por el Consello de la Xunta de Galicia, según consta en el Diario Oficial de Galicia número 81 de fecha 24 de abril de 2024. -----

Resulta facultada para este acto por **acuerdo adoptado por el Patronato** en su reunión de fecha 13 de junio de 2025, según certificación, que incorporo a esta escritura, expedida por el Secretario Don Carlos Fernandez Pérez, con el Visto Bueno de la Presidenta Doña Maria del Carmen Coteló Queijo, habiendo comprobado su autenticidad a través de su Código de Verificación. -----

A mi juicio son suficientes las facultades representativas acreditadas para este otorgamiento. -----

Conforme al artículo 9 de la ley 10/2010, de 28 de abril, esta entidad está **exceptuada de la obligación de identificación del titular real** porque, según manifiesta, su capital social pertenece en más del 50% a la Xunta de Galicia. -----

Identifico a la compareciente por sus documentos



de identidad antes consignados, constando sus circunstancias personales de sus manifestaciones. Tiene a mi juicio capacidad y el discernimiento necesario para otorgar esta escritura, y a tal fin -----

= O T O R G A =

Que, según interviene, eleva a público los acuerdos tomados por el Patronato de la Fundación en su reunión de fecha 13 de junio de 2025, en los términos que resultan de la Certificación ya reseñada, que uno a esta matriz, y a cuyo contenido me remito para evitar repeticiones innecesarias. -----

Complementando dicha Certificación me entrega y a su requerimiento uno a esta matriz Certificación del acuerdo tomado por el Consello de la Xunta de Galicia, expedida por el Secretario del Consello de la Xunta con el Visto Bueno del Presidente, habiendo comprobado su autenticidad a través de su Código de Verificación, en virtud del cual se autorizada la modificación de Estatutos objeto de la presente, que contiene como anexo un ejemplar de los nuevos Estatutos, comprensivos de las modificaciones aprobadas por el Patronato, que incorporo a esta escritura. -----

Hago las reservas y advertencias legales, entre ellas las relativas al Registro de Fundaciones. -----



03/2025



IS2605080

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSONAL:

De acuerdo con lo establecido en la Ley Orgánica 3/2018 de Protección de Datos Personales y Garantía de los Derechos Digitales, Reglamento (UE) 2016/679 y su normativa de desarrollo, la compareciente queda informada y acepta el tratamiento e incorporación de sus datos a los ficheros automatizados existentes en esta Notaría, que se conservaran en la misma con carácter confidencial, sin perjuicio de las remisiones de obligado cumplimiento a las Administraciones Públicas que estipula la Ley y, en su caso, al Notario que suceda o sustituya al actual en esta Notaría. Su finalidad es realizar la formalización del presente instrumento público, que en otro caso no podría autorizarse, su facturación y seguimiento posterior y las funciones y obligaciones propias de la actividad notarial. La identidad y dirección del responsable, a efectos de poder ejercitar sus derechos sobre protección de datos, son los del Notario autorizante. -----

Le leo esta escritura, por su elección; la aprue-



ba y firma conmigo, Notario, que doy fe de que, después de la lectura la compareciente ha hecho constar haber quedado debidamente informado de su contenido, y haber prestado libremente su consentimiento, de que el otorgamiento se adecúa a su voluntad debidamente informada y a la legalidad, y de lo consignado en este instrumento público, extendido en tres folios de papel exclusivo para documentos notariales, serie IO, números el del presente y sus dos anteriores en orden correlativo de numeración, que queda incorporado con la misma fecha y bajo el mismo número en el correspondiente protocolo electrónico. Está la firma de la compareciente.- Siguen el signo, firma, rubrica y sello del Notario autorizante. -----
LIQUIDACION ARANCEL, R.D. 17/11/89. -----
Núms...: 1,4,5,6,7 y Normas Generales. -----
BASE: Documento sin cuantía. -----

SIGUEN DOCUMENTOS UNIDOS

IS2605081

03/2025



Avda. de Vigo, s/n (campus vida)
15705 Santiago de Compostela
A Coruña - Spain
Email: info@cesga.es
Tel.: (34)981569810
www.cesga.gal

D. CARLOS FERNÁNDEZ PÉREZ, como vocal y secretario del Patronato de la "Fundación Pública Gallega Centro Tecnológico de Supercomputación de Galicia" (CESGA), C.I.F. G-15852981, constituida en Santiago de Compostela, el día 23 de setiembre de 2002, ante el Notario D. Enrique Roger Amat, con el número tres mil ochocientos once de su protocolo, con domicilio en la misma ciudad de Santiago, Avenida de Vigo, s/n (Campus Sur) e inscrita en el Registro Único de Fundaciones de Interés Gallego con el número 2002/12

CERTIFICA

Que en la reunión extraordinaria del Patronato de la Fundación, celebrada el día 13 de junio de 2025 en su domicilio, cumpliéndose todos los requisitos exigidos para dicha celebración, con la asistencia de los siguientes miembros del patronato:

Presidenta: Carmen Coteló Queijo
Vicepresidente: José María Martell Berrocal
Secretario: Carlos Fernández Pérez

Vocales:

- María del Carmen González Sotelo
- Julián Cerviño Iglesia
- José Alberto Díez de Castro
- José María Barreiro Díaz

Se declaró válidamente constituida la reunión y se aceptó, por unanimidad, el orden del día en el que figuraban entre otros puntos los siguientes:

- Aprobación, si procede, de los nuevos Estatutos del CESGA

En este punto la presidenta presentó los nuevos Estatutos que han sido modificados en varios puntos y que se han presentado previamente a la Xunta y al CSIC. Se acordó por unanimidad de todos los asistentes, aprobar los nuevos Estatutos. Por su relevancia como documento justificativo del aspecto económico de dichos Estatutos, se acuerda igualmente y por unanimidad, adjuntar el documento de la memoria económica a los mismos.

- Delegación de facultades en el secretario del patronato para elevar a público los acuerdos que así lo requieran.

El Patronato acordó, por unanimidad, conferir Carlos Fernández Pérez como secretario del Patronato, facultad para que pueda comparecer ante Notario otorgando las escrituras y suscribiendo cuantos documentos públicos o privados fueran precisos para hacer constar el acuerdo adoptado en el punto anterior en el Protectorado.

Y para que así conste, expide la presente Certificación con el Visto Bueno de la Sra. presidenta del Patronato.

En Santiago de Compostela, en la fecha de la firma electrónica.

Vº Bº

La presidenta,

Carmen Coteló Queijo

El secretario,

Carlos Fernández Pérez

Asinado por: COTELLO QUEIJO, MARIA DEL CARMEN
Cargo: Presidenta Patronato - Fundación CESGA
Data e hora: 13/06/2025 12:43:31

Asinado por: FERNANDEZ PEREZ, CARLOS
Cargo: Secretario-vocal patronato - Fundación CESGA
Data e hora: 13/06/2025 11:57:59

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
Código de verificación: https://sede.xunta.gal/cve



IS2605082

03/2025



ESTATUTOS DA "FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA CENTRO TECNOLÓXICO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA" (FUNDACIÓN CESGA)

TÍTULO PRIMEIRO

"DISPOSICIÓN XERAIS"

Artigo 1. Denominación e natureza

- a) Ao abeiro do dereito recoñecido no artigo 34.1 da Constitución Española constitúese a Fundación Pública Galega CENTRO TECNOLÓXICO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA (en diante, Fundación).
- b) Trátase dunha organización de natureza fundacional, de interese galego, establecida sen ánimo de lucro, cuxo patrimonio está afectado de xeito duradeiro á realización dos fins de interese xeral propios da institución.
- c) A efectos do establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, a Fundación ten carácter de medio propio e instrumental do sector público autonómico, da Administración Xeral do Estado e do Consello Superior de Investigacións Científicas, polo que, sempre que realice para estas entidades a parte esencial da súa actividade, poderánselle efectuar encomendas nos termos do artigo 32 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, a través de encargos de realización obrigatoria, de acordo coas instrucións fixadas unilateralmente polo encomendante e cuxa retribución se fixará por referencia ás tarifas que aproben as entidades públicas das que dependan.
- d) Cando se realicen encomendas de xestión á Fundación CESGA, a tarifas concretas fixaranse por unha comisión mixta na que estarán presentes representantes do CSIC e da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, cuxa composición virá determinada pola representación de ambas entidades no patrimonio fundacional. No que respecta aos representantes da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, participarán membros da consellería de adscrición e da consellería con competencias en materia de Facenda.

As encomendas de xestión realizadas pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e polo seu sector público respectarán





**XUNTA
DE GALICIA**

sempre os límites do apartado segundo do artigo 50 da Lei 16/2010, do 17 de decembro.

- e) A Fundación CESGA ten o carácter de axente público de execución do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, de acordo co establecido no artigo 3.4 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación.

Artigo 2. Personalidade e Capacidade

A Fundación, cualificada e inscrita no Rexistro único de Fundacións de Interese Galego, ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, podendo, en consecuencia, realizar todos aqueles actos que sexan necesarios para o cumprimento da finalidade para a que foi creada, con suxeición ao establecido no ordenamento xurídico.

Artigo 3. Réxime

A Fundación rexeráse pola Lei 12/2006, do 1 de decembro, de Fundacións de interese galego; polo Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Fundacións de interese galego; pola Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado; pola Lei 50/2002, do 26 de decembro, de Fundacións; pola Lei 16/2010, do 17 de decembro; e pola vontade do fundador manifestada nestes estatutos e demais lexislación de aplicación xeral.


A Fundación integrará activamente a perspectiva de xénero, de acordo co establecido no Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, e na demais normativa aplicable.

Artigo 4. Ámbito de actuación

A Fundación terá a súa sede en Galicia, desde onde desenvolverá principalmente as súas actividades, sendo o seu ámbito de actuación a nivel estatal e internacional.

Artigo 5. Domicilio

A Fundación terá o seu domicilio na cidade de Santiago de Compostela, Avenida de Vigo, s/n (Edificio CESGA), podendo o Padroado establecer delegacións e centros noutras localidades distintas á anterior.



IS2605083

03/2025

XUNTA
DE GALICIA

O Padroado poderá promover o cambio de domicilio mediante a oportuna modificación estatutaria, con comunicación inmediata ao Padroado na forma prevista na lexislación vixente.

TÍTULO SEGUNDO

"OBJECTO, FINALIDADE E PERSOAS BENEFICIARIAS"

Artigo 6. Obxecto

A Fundación ten como obxecto contribuír ao avance da ciencia e da tecnoloxía a través da investigación nas áreas de computación de altas prestacións, comunicacións e outros eidos científicos e tecnolóxicos converxentes que xorden destas disciplinas, así como facilitar o acceso e soporte ás infraestruturas científico-técnicas do CESGA aos seus usuarios e a proxectos de alto valor engadido para a sociedade.

Artigo 7. Finalidade.

En xeral, son fins da Fundación todos aqueles que impulsen o avance da ciencia e da tecnoloxía a través da investigación e do uso da computación de altas prestacións, comunicacións e outras tecnoloxías novidasas e disruptivas relacionadas, como instrumento para un desenvolvemento socioeconómico sostible.

Artigo 8. Actividades

Serán actividades da Fundación as seguintes:

- a) Desenvolver actividades de investigación e soporte á investigación.
- b) Promover e participar na elaboración de proxectos de investigación e desenvolvemento tecnolóxico.
- c) Desenvolver as infraestruturas e dotacións necesarias para a consecución dos fins fundacionais
- d) Proporcionar capacidade de computación, comunicación e soporte técnico aos seus usuarios mediante as infraestruturas científico técnicas dispoñibles na Fundación
- e) Colaborar na transferencia de resultados de investigación nas áreas de computación de altas prestacións, comunicación e outros ámbitos converxentes entre os centros públicos de investigación e as empresas.





XUNTA
DE GALICIA

- f) Fomentar e promocionar a cooperación entre institucións a nivel nacional e internacional.
- g) Contribuír ao desenvolvemento e fortalecemento da capacidade competitiva das comunidades investigadoras galegas e do CSIC.
- h) Colaborar con institucións, empresas e persoas en calquera materia relacionada co obxecto da Fundación, nos termos que se establezan nos correspondentes acordos ou convenios de cooperación.
- i) Promocionar e colaborar na organización de cursos, seminarios e reunións relativas ao ámbito da Fundación.
- j) Colaborar na realización de actividades de formación, especialmente de postgrado e doutorado, cursos avanzados e reunións científicas internacionais.
- k) Fomentar a atracción e retención de talento investigador desenvolvendo as medidas necesarias para elo, incluíndo aquelas orientadas ao fomento da cooperación e o intercambio entre grupos de investigación e institucións nacionais e internacionais.
- l) Promover e difundir aquelas actividades e resultados que se consideren de interese da Fundación.
- m) Colaborar con outros centros de supercomputación para unha utilización eficaz das infraestruturas científico-técnicas.
- n) Buscar e obter recursos para o desenvolvemento das súas actividades.
- o) Colaborar na resolución de retos tecnolóxicos de startups, pemes e empresas que se enmarquen dentro do ámbito da Fundación.
- p) Calquer outra actividade que se considere de interese para o obxecto da Fundación.

Artigo 9. Beneficiarios

Serán beneficiarios directos da Fundación as comunidades investigadoras galega y do CSIC, e outras comunidades investigadoras ou innovadoras españolas ou internacionais coas que se acorde.





03/2025



**XUNTA
DE GALICIA**

O acceso e a distribución dos recursos da Fundación determinaranse mediante acordo do Padroado. A autorización dos accesos corresponderalle ao/a Director/a de Infraestruturas Científicas e Apoio á Investigación, de conformidade cos criterios e procedementos establecidos.

"ÓRGANOS DA FUNDACIÓN"

A Fundación estará rexida polo seu Padroado, órgano de goberno integrado polo/a Presidente/a, Vicepresidente/a, os/as vocais e o/a Secretario/a do mesmo.

O Padroado poderá nomear padroeiros/as de honra. Serán padroeiros/as de honra aquelas persoas físicas ou xurídicas que, en virtude de acordo motivado pola maioría absoluta dos membros do Padroado e en atención aos seus relevantes méritos ou servizos aos fins propios da Fundación, así se designen.

Os/as padroeiros/as de honra non participarán nas reunións do Padroado da Fundación.

Os órganos executivos da Fundación son o/a Director/a Científico/a, o/a Xerente, e o/a Director/a de Infraestruturas Científicas e Apoio á Investigación.

Os órganos consultivos son o Consello Asesor, o Comité Científico e o Comité de Acceso.

O Padroado

1. O Padroado é o órgano de goberno, representación e administración da Fundación, que executará as funcións que lle corresponden con suxeición ao disposto no ordenamento xurídico e nos presentes Estatutos.

2. O Padroado estará formado por:





XUNTA DE GALICIA

- A Administración Autonómica de Galicia, que ostentará a Presidencia do Padroado
- Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC en diante), que ostentará a Vicepresidencia.

Cada unha das institucións que conforman o Padroado designará representantes do seguinte xeito:

- **Presidente/a:**

A Administración Autonómica de Galicia estará representada polo Director/a da Axencia Galega de Innovación.

- **Vicepresidente/a :**

O CSIC, que estará representado pola persoa que designe.

- **Vogais:**

A Xunta de Galicia, en acordo de Consello de Xunta, designará catro vogais en representación da Administración Autonómica e o CSIC un vogal.

- **Secretario/a:**

Ostentará o cargo de Secretario/a un dos vocais designado polo/a Presidente/a.

Asistirá ás reunións do Padroado o/a Director/a Científico/a da Fundación con voz, pero sen voto.

3. Vixencia dos cargos: a duración dos vogais do Padroado será de 4 anos, se ben poderán ser reeleixidos, unha ou mais veces, por períodos de igual duración.

Artigo 15. Aceptación da designación, cese e substitución dos representantes dos/as patróns/as

1. Os representantes comezarán a exercer as súas funcións despois de aceptar expresamente a designación. Esta aceptación poderá facerse constar no outorgamento da carta fundacional, mediante comparecencia realizada para tal efecto no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, en documento privado con sinatura lexitimada por un fedatario público, ou ante o Padroado, acreditándose mediante certificación expedida polo/a Secretario/a co visto bo do/a Presidente/a, e farase constar no Rexistro de Fundacións.



IS2605085

03/2025

XUNTA
DE GALICIA

2. Os representantes designados pola Xunta de Galicia e polo Consello Superior de Investigacións Científicas poderán selo por razón do seu cargo e, en consecuencia, perderán automaticamente a súa condición de representantes ao cesar nos seus respectivos cargos, correspondéndolle á Xunta de Galicia e ao Consello Superior de Investigacións Científicas, respectivamente, a designación das persoas que haxan de substituír os cesantes. O cesamento dos representantes producirase nos supostos previstos no artigo 24.4 da Lei 12/2006, do 1 de decembro.

3. Producida unha vacante, no prazo máximo de seis meses, a institución afectada procederá a designar a persoa que deberá ocupar a mesma.

Artigo 16. Funcións do Padroado

- a) Determinar os criterios de actuación da Fundación dentro do marco fixado polos Estatutos.
- b) Adoptar as medidas e disposicións convenientes que garantan o mellor cumprimento dos fins establecidos.
- c) Designar os membros de honra da Fundación.
- d) Aprobar o plan estratéxico da Fundación e calquera iniciativa estratéxica ou política de actuación desta.
- e) Aprobar os plans xerais, económicos, financeiros, operativos, de obras e investimentos e a súa periodificación anual, que deberán reflectirse nos orzamentos anuais que tamén aprobarán.
- f) Aprobar o inventario-balance actual, a liquidación do orzamento e a conta de resultados consecuencia da xestión da Entidade no período anterior.
- g) Aprobar o Plan de medidas antifraude da Fundación elaborado polo/a Xerente e as políticas destinadas á prevención, detección e xestión temperá da fraude.
- h) Autorizar a política de persoal, os principios que han de rexer as bases de selección e o seu réxime retributivo dentro dos límites legais e, en particular, a aprobación do cadro de persoal.
- i) Adoptar os acordos de disposición e gravame sobre os bens mobles e inmobles que constitúen o patrimonio da Fundación.
- j) Contratar servizos e subministracións da Fundación.





XUNTA DE GALICIA

- k) Aprobar o orzamento anual, o balance financeiro e a conta de resultados.
- l) Aprobar o plan anual de actividades, a memoria da Fundación, o plan de investigación anual e o plan anual de infraestruturas e servizos.
- m) Asinar os acordos e/ou convenios que considere de interese para o mellor logro dos seus fins.
- n) Aprobar os criterios de ordenación de pagos e facturación propostos polo/a Xerente/a.
- o) Celebrar, con suxeición ás leis, toda clase de actos de administración, disposición ou gravame dos bens e dereitos da Fundación e, en xeral, realizar cantos actos de administración e xestión sexan necesarios para o mellor cumprimento dos fins fundacionais.
- p) Autorizar os límites e condicións de endebedamento da Fundación con suxeición aos orzamentos anuais, á programación plurianual e ás disposicións normativas de aplicación.
- q) Adoptar o logotipo e a imaxe corporativa da Fundación e autorizar o seu uso na forma que considere oportuna.
- r) Acordar o exercicio das accións e excepcións que considere oportunas, así como os recursos e reclamacións xudiciais e administrativas, en defensa dos dereitos e intereses da Fundación.
- s) Aceptar doazóns cando leven aparellada algunha condición ou modalidade onerosa, así como legados e herdanzas a beneficio de inventario; non obstante, para repudialos requirírase a autorización expresa do Padroado.
- t) Con suxeición á normativa vixente, o Padroado poderá conferir apoderamentos ou delegar as súas funcións no Consello Asesor, no/a Director/a Científico/a, no/a Xerente, no/a Director/a de Infraestruturas Científicas e Apoio á Investigación e noutras Comisións ou Comités que se constitúan e cargos directivos da Fundación, así como encomendar a entidades aspectos concretos da xestión.
- u) Establecer o marco xeral da distribución de uso das infraestruturas científico-técnicas da Fundación.
- v) Nomear ao/a Director/a Científico/a, así como aos membros do Comité Científico e do Comité de Acceso, por proposta do/a Presidente/a da Fundación.



IS2605086

03/2025



- w) Designar, en caso de vacante, ausencia ou imposibilidade temporal para o exercicio das súas funcións, por proposta do/a Presidente/a, a un membro do persoal da Fundación para que asuma, con carácter provisional, as funcións propias da Dirección Científica, ata que se proceda á súa cobertura definitiva ou cese a causa que motivou a suplencia.

Artigo 17. Funcionamento, convocatoria e acordos

1. Periodicidade das sesións

O Padroado reunirase, como mínimo, dúas veces ao ano en sesión ordinaria, nas cales deberán aprobarse, respectivamente, os orzamentos e as contas anuais da Fundación.

Así mesmo, o/a Presidente/a poderá ordenar a convocatoria do Padroado a reunións extraordinarias cando o considere oportuno e, en todo caso, sempre que así o soliciten por escrito as dúas terceiras partes dos padroeiros nomeados. Neste último caso, a solicitude dos padroeiros deberá especificar os asuntos a incluír na orde do día e a reunión deberá celebrarse dentro dos quince días seguintes á recepción polo/a Presidente/a da solicitude escrita de convocatoria.

2. Convocatoria

Para a válida constitución das sesións requírese convocatoria por escrito dirixida a cada representante das institucións presentes no Padroado, na que se expresará a orde do día, acompañada da documentación asociada aos puntos da orde do día; así como o lugar e a hora da sesión, con nove días de antelación. No caso de sesión extraordinaria, a convocatoria poderá realizarse con vinte e catro horas de antelación por un medio que permita deixar constancia da mesma. Así mesmo, considerarase constituído o Padroado en sesión extraordinaria cando estean presentes todos os padroeiros e acorden por unanimidade a realización da reunión.

3. Acordos

Para que o Padroado quede validamente constituído requírese a concurrencia, presentes ou representados por outros asistentes, da metade máis un dos padroeiros, sempre que estean representadas as dúas institucións integrantes do Padroado.

Os acordos serán inmediatamente executivos e adoptaranse pola metade máis un dos asistentes, sendo dirimente en caso de empate o voto da presidencia. Non obstante, requirirase o voto favorable das dúas terceiras partes dos asistentes sempre que, ademais, supoña a maioría absoluta dos seus membros, para aprobar





acordos que se refiran á reforma ou modificación dos estatutos, á disposición de bens a título gratuito, á fusión, á escisión e á extinción da Fundación.


Non serán válidos os acordos relativos a temas que non consten na orde do día, salvo que, por unanimidade, o Padroado acorde engadir ao mesmo algún punto que ampare a adopción do acordo, sempre que estean presentes ou representados a totalidade dos seus membros.

Das sesións e dos acordos adoptados nas mesmas levantarase a acta correspondente, de acordo co artigo 18 do Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro.

Artigo 18. Presidente/a

Correspóndenlle ao/á Presidente/a do Padroado as seguintes funcións:

- a) Exercer a representación da Fundación e do seu Padroado.
- b) Ordenar a convocatoria, presidir, suspender e levantar as sesións, arbitrar as deliberacións do Padroado e desfacerse os empates co seu voto de calidade.
- c) Autorizar a asistencia doutras persoas ás reunións do Padroado, en calidade de acompañantes dos membros, se a súa presenza se considera conveniente pola natureza das cuestións a debate.
- d) Propoñer ao Padroado o plan estratéxico da Fundación e calquera iniciativa estratéxica ou política de actuación da Fundación, así como os instrumentos de execución para o seu despregamento.
- e) Supervisar as operacións da Fundación e presentar ao Padroado os informes que considere oportunos, sen prexuízo das funcións encomendadas aos órganos executivos da Fundación.
- f) Propoñer ao Padroado o nomeamento do/a Director/a Científico/a, así como dos membros do Comité Científico e do Comité de Acceso.
- g) Nomear ao/á Xerente e ao/á Director/a de Infraestruturas Científicas e Apoio á Investigación,
- h) Designar, en caso de vacante, ausencia ou imposibilidade temporal para o exercicio das súas funcións, a un membro do persoal da Fundación para que asuma, con carácter provisional, as funcións propias da Xerencia ou da Dirección de Infraestruturas e Apoio á Investigación, segundo corresponda, ata que se proceda á súa cobertura definitiva ou cese a causa que motivou a suplencia.



IS2605087

03/2025

XUNTA
DE GALICIA

- i) Resolver os recursos de alzada interpostos contra os actos ditados polos órganos executivos da Fundación, cando proceda conforme á normativa aplicable e salvo que o Padroado se reserve expresamente a súa resolución.
- j) Exercer, en caso de urxencia, toda clase de accións, excepcións e recursos xudiciais e administrativos en defensa dos dereitos e intereses da Fundación, dando conta na primeira sesión que se celebre do Padroado.
- k) Calquera outra función que lle sexa validamente encomendada ou delegada polo Padroado, deixando a salvo as competencias legalmente reservadas ao mesmo.

Quedan delegadas no/a Presidente/a as seguintes facultades que corresponden ao Padroado, nos termos e cos límites que se establezan no acordo expreso, podendo así:

- a) Concertar e asinar os compromisos necesarios para o funcionamento da Fundación, dentro dos límites que determine o Padroado e, en particular, asinar os acordos e/ou convenios e instrumentos de colaboración con entidades públicas e privadas que considere de interese para o mellor logro dos fins da Fundación.
- b) Exercer ante os tribunais todo tipo de accións xudiciais, de conformidade co acordado polo Padroado.
- c) Exercer as funcións de órgano de contratación dentro dos límites dos orzamentos anuais e programas plurianuais aprobados polo Padroado.

Artículo 19. Vicepresidente/a


Son funcións do/a Vicepresidente/a:

- a) Substituír ao/á Presidente/a e exercer as súas funcións en caso de vacante, ausencia ou enfermidade, de acordo coa orde establecida no artigo 18.
- b) Aquelas que, por escrito, lle sexan delegadas polo/a Presidente/a. A delegación das funcións do artigo 16.v requirirá autorización previa do Padroado.

Artigo 20. Secretario/a

Son funcións do/a Secretario/a:

- a) A certificación dos acordos do Padroado co visto e prace do/a Presidente/a.





XUNTA DE GALICIA

- b) Efectuar a convocatoria das sesións do Padroado por orde do/a Presidente/a, así como as citacións dos seus membros.
- c) Asistir ás reunións do Padroado.
- d) Conservar a documentación da Fundación e reflectir debidamente no libro de actas do Padroado o desenvolvemento das reunións.
- e) Calquera outra función inherente á condición de secretario/a ou prevista nos estatutos da Fundación.

Artigo 21. Dereitos e deberes dos vogais


Os/as padroeiros/as, en canto membros do órgano de goberno da Fundación, terán e exercerán as facultades que lles corresponden con independencia, sen máis trabas e limitacións que as establecidas no ordenamento xurídico e nos presentes estatutos, debendo desempeñalas coa dilixencia dun representante leal.

Responderán solidariamente fronte á Fundación polos danos e perdas que causen por actos contrarios á lei ou aos estatutos ou polos realizados sen a dilixencia coa que deben desempeñar o cargo. Quedarán exentos de responsabilidade aqueles que votasen en contra do acordo e os que proben que non interviñeron na súa adopción e execución, descoñecían a súa existencia ou, coñecéndoa, fixeron todo o conveniente para evitar o dano ou, polo menos, se opuxeron expresamente a aquel.

Exercerán o seu cargo gratuitamente, sen que poidan percibir retribución algunha polo desempeño das súas funcións. Non obstante, de conformidade co previsto no artigo 23 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, terán dereito a seren resarcidos/as dos gastos debidamente xustificadas que o cargo lles ocasione no exercicio das súas funcións, así como a percibir dietas de asistencia ás reunións do órgano de goberno nas condicións sinaladas na normativa vixente.

Son dereitos dos membros do padroado:

- a. Recibir a convocatoria que conteña a orde do día e asistir ás reunións dos órganos dos que formen parte.
- b. Exercer o seu dereito de voto e formular voto particular, así como expresar o sentido do seu voto e os motivos que o xustifican.
- c. Obter cantas informacións precisen para o cumprimento das súas funcións.



1 S2605088

03/2025



~~SECRET~~
UNTA
DE GALICIA

- d. Participar nos debates das sesións.
- e. Formular rogos e preguntas.
- f. Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición e todas aquelas que expresamente lles sexan atribuídas por acordo do Padroado.

Son deberes dos membros do padroado:

- a. Cumprir e facer cumprir fielmente os fins fundacionais, de acordo co disposto na presente lei, na lexislación estatal aplicable e nos estatutos da Fundación.
- b. Administrar os bens e dereitos que integran o patrimonio da Fundación, mantendo plenamente o rendemento, a utilidade e a produtividade dos mesmos, segundo os criterios económico-financeiros dun bo xestor.
- c. Asistir ás reunións do Padroado e velar pola legalidade dos acordos que nelas se adopten.
- d. Realizar os actos necesarios para inscribir a Fundación no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Artigo 22. Delegacións e apoderamento

O Padroado poderá delegar as súas facultades, coas limitacións previstas no artigo 18.1 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, con funcións mancomunadas, solidarias ou colexiadas segundo se determine, nun ou máis dos seus membros, ou nas comisións que acorde constituír, sempre que o volume de xestión ou calquera outra circunstancia así o aconselle, formadas polo número de membros que se determine e coa denominación que se considere conveniente.

En todo caso, deberán respectarse as funcións atribuídas ao Padroado como órgano de goberno e representación da Fundación. Entre as facultades atribuídas non se poderá comprender:

- a) A aprobación das contas anuais e do plan de actuación
- b) A modificación dos estatutos
- c) O acordo de fusión, extinción ou liquidación da Fundación
- d) Todos aqueles actos que requiran autorización do Padroado





**XUNTA
DE GALICIA**

O outorgamento de poderes xerais ou especiais por parte do Padroado realizarase, en todo caso, respectando as funcións atribuídas a este como órgano de goberno e representación da Fundación, debendo constar expresamente no documento no que se formalice o apoderamento. Teranse por non propostas aquelas facultades ou cláusulas do poder contrarias ás funcións legalmente atribuídas ao Padroado.

As delegacións das facultades do Padroado, os acordos de constitución das comisións previstas no apartado 1, os apoderamentos xerais e a súa revogación deberán inscribirse no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Sección 2ª

Órganos executivos

Artigo 23. Órganos executivos unipersoais

Baixo a dirección e dependencia directa do/a Presidente/a, a Fundación, para o cumprimento das súas funcións, contará cos seguintes órganos executivos:

- a. Dirección Científica
- b. Xerencia
- c. Dirección de Infraestruturas Científicas e Apoio á Investigación

Artigo 24. O/a Director/a Científico/a

1. O/a Director/a Científico/a é o órgano executivo ao que, baixo a dependencia do/a Presidente/a, lle corresponde o exercicio das funcións de dirección, supervisión e coordinación das actividades de investigación da Fundación, así mesmo, exercerá a representación da institución nos termos regulados no artigo 25.b destes Estatutos.
2. O posto de Director ou Directora Científica deberá ser desempeñado ou ben por persoal investigador sénior, conforme á definición establecida no Decreto 12/2024, do 11 de xaneiro, polo que se regula a organización, a promoción e a carreira profesional do persoal de investigación de carácter laboral nos organismos de investigación da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, ou ben mediante a figura de investigador/a distinguido/a, conforme ao disposto no artigo 23 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, no caso de non ser persoal designado entre os que prestan servizos no CESGA.



IS2605089

03/2025


XUNTA
DE GALICIA

3. O nomeamento e, de ser o caso, o cesamento correspóndelle ao Padroado, por proposta da Presidencia, entre persoal investigador que cumpra os requisitos establecidos no apartado anterior.

Artigo 25. Funcións do/a Directora/a Científico/a

1. Correspóndenlle ao/á Director/a Científico/a as seguintes funcións:

- a. Executar e facer cumprir os acordos do Padroado, así como as instrucións do/a Presidente/a do Padroado impartidas no marco das súas atribucións.
- b. Exercer, por delegación do/a Presidente/a, a representación da Fundación, sen prexuízo da representación que lle corresponde ao/á vicepresidente/a nos supostos de ausencia do/a presidente/a.
- c. Elaborar e elevar ante o Padroado, a través do/a presidente/a, o modelo de organización científica da Fundación para asegurar a excelencia e a innovación nos proxectos desenvolvidos en cada unha das áreas de investigación da Fundación.
- d. Elaborar e elevar ante o Padroado, a través do presidente/a para a súa aprobación o Plan de Investigación anual e a memoria científica anual.
- e. Dirixir a organización, actividades científicas de innovación e servizos da Fundación para alcanzar e manter os fins desta.
- f. Xestionar as actividades científicas necesarias para a consecución e mantemento dos fins da Fundación.
- g. Coordinar e xestionar ao persoal investigador, fomentando o seu desenvolvemento profesional, impulsando a súa formación e facilitando a colaboración interdisciplinar.
- h. Designar entre o persoal investigador vinculado á Fundación, os/as Investigadores/as Principais e demais posicións necesarias para o bo funcionamento da actividade investigadora.
- i. Garantir que a actividade investigadora desenvolvida no Centro se adecúe ao Plan estratéxico e aos obxectivos científicos da Fundación, trasladando ao persoal investigador as directrices oportunas para favorecer e impulsar este alíñamento.
- j. Impulsar o avance do coñecemento e a innovación tecnolóxica, colaborando na planificación estratéxica da Fundación a través da





- k. Velar pola consecución dunha actividade investigadora responsable e acorde cos principios éticos e boas prácticas na investigación.
- l. Fomentar a excelencia científica a través da promoción da investigación, incentivando a publicación de resultados en revistas de alto impacto e a participación en conferencias internacionais.
- m. Propor e poñer en marcha os sistemas de planificación, xestión e seguimento da actividade investigadora, incluíndo recursos financeiros e humanos, competitividade e garantía do cumprimento cos estándares requiridos nas convocatorias de financiamento.
- n. Supervisar e coordinar a preparación e presentación de propostas de proxectos, asegurando que cumpran cos requisitos das convocatorias e sexan competitivas.
- o. Desenvolver mecanismos e procedementos que promovan a captación de recursos, o mantemento dun alto nivel científico, así como o establecemento de sinerxías e colaboracións entre grupos de investigación da Fundación ou con grupos externos.
- p. Colaborar activamente na identificación e xestión de oportunidades de financiamento para apoiar os proxectos de investigación e o desenvolvemento tecnolóxico.
- q. Facilitar a transferencia dos resultados de investigación ao mercado e á sociedade, promovendo a colaboración con empresas e institucións para aplicar os descubrimentos científicos.
- r. Diseñar as liñas de actuación para a diseminación científica e participar nas iniciativas a través das que se desenvolvan: conferencias, seminarios e obradoiros para presentar os achados das súas liñas de investigación.
- s. Asistir ao Comité Científico nas tarefas necesarias para a avaliación da actividade investigadora.
- t. Establecer e manter relacións con outras institucións de investigación, tanto a nivel nacional como internacional, para fomentar colaboracións e proxectos conxuntos.



IS2605090

03/2025

XUNTA
DE GALICIA

- u. Propor ao/á Presidente/a os membros do Comité Científico que serán nomeados polo Padroado.
- v. Desenvolver calquera outra función que lle fora expresamente encomendada ou delegada polo Padroado ou polo/a Presidente/a.

Artigo 26. O/a Xerente/a

1. O/A Xerente é o órgano executivo ao que, baixo a dependencia directa do/a Presidente/a, lle corresponde o exercicio das funcións de xestión ordinaria do Centro.
2. O/a Presidente/a nomeará e, de ser o caso, cesará á persoa titular da Xerencia entre aquelas que acrediten a solvencia profesional e técnica necesaria para o exercicio das funcións propias do cargo.
3. O posto de Xerente terá a consideración de persoal directivo de acordo co disposto no Decreto 119/2012, do 3 de maio, ou na norma que o substitúa.

Artigo 27. Funcións do/a Xerente/a

Correspóndenlle ao/á Xerente as seguintes funcións:

- a) Executar e facer cumprir os acordos do Padroado, así como as instrucións do/a presidente/a do Padroado impartidas no marco das súas atribucións.
- b) Asistir ao/á presidente/a da Fundación na elaboración das estratexias e plans e no desenvolvemento dos instrumentos de execución necesarios para o seu despregamento, asegurando unha execución efectiva e aliñada cos obxectivos establecidos.
- c) Elaborar e elevar ante o Padroado, a través do/a presidente/a, para a súa aprobación, o Plan anual de actuación e a Memoria anual de actividades.
- d) Exercer a xefatura inmediata das unidades administrativas e económicas, asumindo a xestión económica, administrativa e de persoal da Fundación.
- e) Elaborar e elevar ante o Padroado, a través do/a presidente/a, para a súa aprobación, o Orzamento anual, o informe sobre as contas anuais, a memoria e o balance anual, así como propoñer a aplicación dos resultados que considere convenientes aos descargos de contas e amortizacións, obrigas pendentes e reservas para a conservación, renovación e ampliación de instalacións ou servizos.





XUNTA DE GALICIA

- f) Elaborar e elevar ante o Padroado, a través do/a presidente/a, para a súa aprobación, os plans de investimento, ampliación de capital ou patrimonio.
- g) Propoñer os criterios de ordenación de pagamentos e facturación para a súa aprobación polo Padroado.
- h) Elaborar e manter un sistema de seguimento e avaliación que subministre información precisa e oportuna sobre a xestión operativa e financeira da Fundación, co fin de informar regularmente ao Padroado sobre os resultados acadados.
- i) Elaborar e elevar ante o Padroado, a través do/a presidente/a, a política de recursos humanos da Fundación e asumir a súa xestión. En particular, elevar ao Padroado a aprobación da estrutura dos postos de traballo e as súas modificacións, o modelo retributivo, o nomeamento e separación do persoal directivo por proposta do/a presidente/a, e todas as cuestións relacionadas coa dirección dos recursos humanos da Fundación.
- j) Xestionar os procesos de selección e contratación do persoal da Fundación, tendo en conta a política de persoal deseñada polo Padroado e o cumprimento dos obxectivos fixados nos Plans de actuación e demais instrumentos de planificación estratéxica da Fundación. A tal fin, concertar ou rescindir relacións laborais, acordar sancións e executar os acordos do Padroado sobre o réxime retributivo.
- k) Elaborar a proposta de estrutura organizativa e de postos de traballo e as súas modificacións, así como as retribucións destes.
- l) Elaborar e elevar ante o Padroado, a través do/a presidente/a, a aprobación do Regulamento e normas de actuación da Fundación.
- m) Facer cumprir as normas de funcionamento interno do Centro.
- n) Elaborar e elevar ante o Padroado, a través do/a presidente/a, o Plan de medidas antifraude do Centro.
- o) Asegurar a execución do plan antifraude aprobado polo Padroado e o seu cumprimento, realizando as adaptacións necesarias na organización e procedementos de xestión da Fundación.
- p) Promover a procura de financiamento do Centro e xestionar a execución das axudas que o Centro poida recibir.



IS2605091

03/2025

XUNTA
DE GALICIA

- q) Preparar a documentación dos asuntos que deban someterse á consideración do Padroado, e informar de todo o necesario para o adecuado exercicio das súas competencias.
- r) Asegurar o cumprimento das normas de prevención de riscos e de seguridade no traballo.
- s) Desenvolver calquera outra función que lle fora expresamente encomendada ou delegada polo Padroado ou polo/a presidente/a.

Quedan delegadas no/a Xerente as facultades que corresponden ao Padroado da Fundación nos termos e cos límites que se establezan no orzamento anual, podendo así:

- a) Facer o seguimento da execución de toda a contratación do Centro.
- b) Administrar o patrimonio e toda clase de bens, dereitos reais, valores, créditos polo prezo e condicións que libremente estipule, participar en poxas e concursos. Outorgar carta de pagamento das obrigas contraídas polos seus debedores. E, en xeral, adquirir, aproveitar e allear toda clase de bens, por calquera título ou causa, sen que esta relación teña carácter limitativo, senón puramente enunciativo, agás a de mercar, transmitir, gravar e hipotecar bens inmoables.
- c) Asinar contratos de traballo.
- d) Presentar proxectos, proposicións e ofertas a todo tipo de licitacións, públicas e privadas.

Quedan delegadas no/a Xerente as seguintes facultades que corresponden ao/á Presidente/a do Padroado:

- e) Exercer, en caso de urxencia, por delegación do/a Presidente/a do Padroado, as accións, excepcións, recursos e reclamacións xudiciais e administrativas en defensa dos dereitos e intereses da Fundación, dentro dos límites establecidos na lexislación galega.
- f) Abrir, seguir e pechar a nome da Fundación, no Banco de España, caixas de aforros, postais, rurais, cooperativas de crédito e demais establecementos bancarios, contas correntes, dispoñendo contra elas e podendo, en consecuencia, ingresar e retirar fondos. En caso de ausencia do/a Xerente, esta facultade entenderase delegada no/a Director/a Científico/a da Fundación.





Artigo 28. O/A Director/a de Infraestruturas Científicas e Apoio á Investigación

1. O/A Director/a de Infraestruturas Científicas e Apoio á Investigación é o órgano executivo ao que, baixo a dependencia do/a Presidente/a, lle corresponde o exercicio das funcións de supervisión e coordinación das infraestruturas científico-técnicas da Fundación.
2. O/a Presidente/a nomeará e, se é o caso, cesará á persoa titular da Dirección de Infraestruturas Científicas e Apoio á Investigación entre aquelas que acrediten a solvencia académica, profesional, técnica ou científica necesaria para o exercicio das funcións propias do cargo.
3. O posto de Director/a de Infraestruturas Científicas e Apoio á Investigación terá a consideración de persoal directivo, de acordo co disposto no Decreto 119/2012, do 3 de maio, ou na norma que o substitúa.

Artigo 29. Funcións do/a Director/a de Infraestruturas Científicas e Apoio á Investigación:

1. Correspóndenlle ao/á Director/a de Infraestruturas Científicas e Apoio á Investigación as seguintes funcións:
 - a. Executar e facer cumprir os acordos do Padroado, así como as instrucións do/a Presidente/a do Padroado impartidas no marco das súas atribucións.
 - b. Asegurar a dispoñibilidade e accesibilidade continua das infraestruturas científico-técnicas e ferramentas tecnolóxicas da Fundación, promovendo melloras constantes na súa eficacia e eficiencia.
 - c. Elaborar e elevar ante o Padroado, a través do/a presidente/a, para a súa aprobación, o plan anual de infraestruturas científico-técnicas e servizos.
 - d. Elaborar o modelo de organización de soporte técnico do Centro.
 - e. Garantir que a actividade técnica desenvolvida no Centro se adecúe ao Plan estratéxico e aos obxectivos da Fundación, trasladando ao persoal técnico as directrices oportunas para favorecer e impulsar este alíñamento.
 - f. Definir estratexias e implementar medidas para mellorar a eficiencia e a capacidade das infraestruturas científico-técnicas.



IS2605092

03/2025

XUNTA
DE GALICIA

- g. Xestionar e optimizar os recursos de computación e comunicación da Fundación para satisfacer as demandas dos proxectos de investigación.
- h. Prestar asistencia técnica e científica especializada ao persoal investigador e empresas usuarias do Centro, asumindo o soporte técnico, a mellora continua dos sistemas e servizos tecnolóxicos, e a resolución de incidencias.
- i. Prestar soporte no acceso ás infraestruturas tecnolóxicas científico-técnicas da Fundación, asumindo o control de acceso ás infraestruturas de computación e almacenamento da Fundación, a xestión de redes de comunicación avanzadas e a prestación de servizos a usuarios no seu ámbito de especialización.
- j. Controlar os mecanismos de acceso ás infraestruturas de computación e almacenamento da Fundación.
- k. Xestionar a ciberseguridade e a protección dos datos no CESGA, implementando medidas avanzadas para asegurar a confidencialidade, integridade e dispoñibilidade da información, garantindo o cumprimento das normativas vixentes.
- l. Implementar e xestionar as políticas de datos da Fundación, asegurando a correcta recompilación, almacenamento, análise e utilización dos datos xerados e utilizados polo Centro, garantindo a calidade, seguridade e accesibilidade dos datos para apoiar a toma de decisións e a investigación baseada en datos.
- m. Coordinar o persoal técnico, fomentando o seu desenvolvemento profesional, impulsando a súa formación e facilitando a colaboración interdisciplinar.
- n. Coordinar a participación do persoal técnico de investigación vinculado á Fundación nos proxectos nos que sexan requiridos.
- o. Xestionar as actividades relacionadas coa Rede Española de Supercomputación (RES) e outras infraestruturas de supercomputación a nivel internacional e estatal.
- p. Xestionar a Rede de Ciencia e Tecnoloxía de Galicia (RECETGA), coordinando a conectividade e o rendemento óptimo das redes científicas e tecnolóxicas na rexión.





- q. Colaborar activamente na identificación e xestión de oportunidades de financiamento de infraestruturas científico-técnicas aliñadas coa actividade do Centro.
- r. Supervisar e coordinar a preparación e presentación de propostas de proxectos relacionados coas infraestruturas científico-técnicas e servizos do Centro, asegurando que cumpran cos requisitos das convocatorias e que sexan competitivas.
- s. Realizar vixilancia tecnolóxica e asegurar a adopción das últimas innovacións en computación e comunicacións para manter o Centro na vangarda tecnolóxica.
- t. Desenvolver calquera outra función que lle fora expresamente encomendada ou delegada polo/a Presidente/a.

Sección 3ª

Órgano Consultivo

Artigo 30. Composición do Consello Asesor

1. O Consello Asesor estará integrado por dez membros, sendo sete deles designados pola consellería ou entidade da Administración Autonómica que ostente as competencias en I+D+i, e tres designados polo CSIC.


2. O/A Presidente/a do Padroado elixe de entre os membros do Consello Asesor, ao/á Presidente/a do Consello, o cal, á súa vez deberá ser representante dalgunha das institucións presentes no Padroado da Fundación.

O/A Vicepresidente/a do Padroado elixe, de entre os membros do Consello Asesor, ao/á Vicepresidente/a do dito Consello.

En defecto do/a Presidente/a, fará as súas veces o/a Vicepresidente/a e, a falta de ambos, o membro do Consello de maior idade entre os presentes.

Actuará como Secretario/a quen exerza a función no Padroado, con voz pero sen voto.

Participarán nas reunións do Consello Asesor con voz e sen voto o/a Director/a Científico/a e o/a Director/a de Infraestruturas Científicas e de Apoio á Investigación.



IS2605093

03/2025

XUNTA
DE GALICIA

O Consello Asesor e por acordo das tres cuartas partes dos seus membros, poderá designar unha ou varias comisións de traballo ou transitorias, para cantos asuntos se solicite polo Padroado da Fundación.

Artigo 31. Funcións do Consello Asesor

- a) Asesorar en asuntos orzamentarios, así como a proposta do Plan anual de actividades.
- b) Asesorar en asuntos da plantilla de persoal.
- c) Propoñer ao Padroado a membros do Comité Científico.
- d) Propoñer ao Padroado a membros do Comité de Acceso.
- e) Asesorar, a proposta do/a Director/a de Infraestruturas Científicas e Apoio á Investigación, o protocolo de acceso para uso dos servizos do CESGA.
- f) Avaliar a Memoria anual de actividades do centro.
- g) Avaliar o plan estratéxico do CESGA e calquera iniciativa estratéxica ou política de actuación da fundación.
- h) Exercer todas aquelas funcións que lle delegue o Padroado

Artigo 32. Duración dos cargos e reelección do Consello Asesor


A duración dos cargos do Consello Asesor será de catro anos, se ben poderán ser reelixidos unha ou máis veces por períodos de igual duración máxima.

Artigo 33. Funcionamento, convocatoria e acordos do Consello Asesor

1. Funcionamento

O Consello Asesor reunirase, polo menos, dúas veces ao ano en sesión ordinaria. As reunións terán lugar, de ordinario, no domicilio social; pero poderán tamén celebrarse noutro que determine o Presidente/a do Consello, que se sinalará na correspondente convocatoria.

Así mesmo, o Presidente/a do Consello poderá ordenar a convocatoria do Consello Asesor a reunións extraordinarias cando o considere oportuno e, en todo caso, sempre que así o soliciten por escrito, polo menos, a metade dos membros nomeados. Neste último caso, a solicitude dos membros deberá especificar os asuntos a incluír na orde do día e a reunión deberá celebrarse dentro dos quince





XUNTA DE GALICIA

días seguintes á recepción por parte do Presidente/a da solicitude escrita de convocatoria.

2. Convocatoria

Para a válida constitución das sesións requírese convocatoria por escrito dirixida a cada membro do Consello na que se expresará a orde do día, lugar e hora da sesión, con cinco días de antelación. No caso de sesión extraordinaria, a convocatoria poderá realizarse con vinte e catro horas de antelación por un medio que permita deixar constancia da mesma. Así mesmo, considerarase constituído o Consello en sesión extraordinaria cando estean presentes a metade dos seus membros, sempre que estean representadas as dúas institucións presentes no Padroado. Nese caso, o Consello quedará validamente constituído para tratar os temas da orde do día decididos por unanimidade.

A asistencia ás sesións poderá realizarse por videoconferencia.

Cada membro poderá conferir a súa representación a outro, pero ningún dos presentes poderá ter máis de dúas representacións.

3. Acordos.

Para que quede validamente constituído o Consello, requírese a concorrencia, presentes ou representados por outros membros do Consello, da metade dos membros, sempre que estean representadas as dúas institucións presentes no Padroado.

Os acordos adoptaranse por maioría absoluta e, en caso de empate, decidirá o voto de calidade do Presidente/a.

Non serán válidos os acordos relativos a temas que non consten na orde do día, salvo que unánimemente polo Consello fora engadido ao mesmo algún punto que ampare a adopción do acordo, sempre que estean presentes ou representados a totalidade dos seus membros.

Das sesións e dos acordos adoptados nas mesmas levantarase a acta correspondente, que será asinada polo/a Presidente/a e o/a Secretario/a do Consello.

Artigo 34. Presidente/a do Consello Asesor

Correspóndenlle ao/á Presidente/a do Consello Asesor as seguintes funcións:

- a) Exercer a representación do Consello ante o Padroado



IS2605094

03/2025

XUNTA
DE GALICIA

- b) Ordenar convocatoria, presidir, suspender e levantar as sesións, arbitrar as deliberacións do Consello e desfacerse os empates co seu voto de calidade.
- c) Autorizar a asistencia doutras persoas ás reunións do Consello, en calidade de acompañantes dos membros, se a súa presenza se xulga conveniente pola natureza das cuestións a debate.
- d) Calquera outra función que lle sexa validamente encomendada ou delegada polo Padroado.

Artigo 35. Vicepresidente/a do Consello Asesor

Son funcións do Vicepresidente/a do Consello:

- a) Substituír ao Presidente/a do Consello e exercer as súas funcións en caso de vacante, ausencia ou enfermidade, de acordo coa orde establecida no artigo 35.
- b) Aquelas que por escrito lle sexan delegadas polo Presidente/a do Consello. A delegación das funcións do artigo 22.d. requirirá previa autorización do Padroado.

Artigo 36. Aceptación do cargo, cesamento e substitución do Consello Asesor.

1. Os membros do Consello Asesor empezarán a exercer as súas funcións despois de ter aceptado expresamente o cargo.
2. Os membros do Consello Asesor nomeados pola Xunta de Galicia e o Consello Superior de Investigacións Científicas, poderán selo por razón do seu cargo e, en consecuencia, perderán automaticamente a súa calidade de comisarios ao cesar nos seus respectivos cargos, correspondendo á Xunta de Galicia e ao Consello Superior de Investigacións Científicas, respectivamente, a designación das persoas que han de substituír aos cesantes do Consello Asesor. O cesamento dos membros do Consello Asesor producirase nos mesmos supostos previstos para os órganos de goberno no artigo 24.4 da Lei 12/2006, do 1 de decembro.
3. Producida unha vacante, no prazo máximo de seis meses, o Consello Asesor procederá a designar a persoa que ha de ocupar a mesma, previa proposta, no seu caso, da institución correspondente.

Artigo 37. Comité Científico

É un órgano de asesoramento ao/á Director/a Científico/a no ámbito da investigación. En particular, participará na definición das liñas de investigación que se leven a cabo no Centro e na avaliación dos seus resultados. Deberá informar



anualmente o programa de investigación elaborado polo/a Director/a Científico/a e a memoria das actividades realizadas.

Este Comité estará integrado por persoas de recoñecido prestixio internacional no ámbito das áreas da ciencia e tecnoloxía relacionadas coas actividades da Fundación, que serán nomeadas polo Padroado. O Comité Científico terá un/unha presidente/a que será designado/a entre os seus membros polo Padroado, por proposta do/a Director/a Científico/a.

Artigo 38. Comité de Acceso

O obxecto deste Comité é asesorar ao/á Director/a de Infraestruturas Científicas e Apoio á Investigación sobre a formulación de políticas de acceso a infraestruturas e peticións de acceso ao Centro, formulando lista priorizada destas solicitudes, en función dos parámetros establecidos.

A composición deste Comité, membros e normas de actuación, serán aprobadas polo Padroado, a proposta do/a Director/a de Infraestruturas Científicas e Apoio á Investigación.

TÍTULO CUARTO

"RÉXIME ECONÓMICO"

Artigo 39. Dotación Fundacional

A dotación da fundación estará integrada por todos os bens e dereitos que constitúen a dotación inicial da Fundación de conformidade co artigo 22 a) do Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, e por aqueles outros que no sucesivo se acheguen á mesma con ese carácter, e polos bens e dereitos que o padroado afecte á dotación.

Uns e outros deberán figurar a nome da Fundación e constar no seu inventario e no Rexistro de Fundacións. Os que sexan susceptibles de inscrición, inscribíranse nos rexistros correspondentes.

Artigo 40. Composición do patrimonio

O patrimonio da Fundación pode estar constituído por toda clase de bens, dereitos e obrigas susceptibles de valoración económica que integren a dotación ou aqueles que adquira a Fundación con posterioridade, con independencia de que se afecten ou non á dotación.



IS2605095

03/2025

XUNTA
DE GALICIA**Artigo 41. Adscrición do Patrimonio Fundacional**

Os bens e dereitos do patrimonio fundacional terán que figurar a nome da Fundación, constando no inventario e no Rexistro Único de Fundacións de Interese Galego. Así mesmo, os bens e dereitos que sexan susceptibles de inscrición noutros rexistros terán que ser inscritos nos mesmos.

Os bens e dereitos que conforman o Patrimonio, así como as rendas que produzan, quedarán vinculados dunha maneira directa e inmediata ao cumprimento dos fins que a Fundación persegue.

Artigo 42. Da Financiación

A Fundación, para o desenvolvemento das súas actividades, financiarase cos recursos que procedan do rendemento do seu Patrimonio e, no seu caso, con aqueles outros procedentes das axudas, subvencións ou doazóns que reciba de persoas ou entidades, tanto públicas como privadas, e do financiamento procedente da asistencia técnica, os servizos de asesoramento tecnolóxico e de I+D+i realizados ás empresas.

A Fundación poderá percibir cantidades derivadas de actividades e servizos directamente prestados por ela aos seus beneficiarios na forma e cos requisitos establecidos no artigo 34 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, e demais disposicións referidas co artigo 3 destes Estatutos.

Artigo 43. Participación en sociedades mercantís

A Fundación poderá participar en sociedades mercantís, de conformidade co artigo 33 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, sempre que a devandita participación estea directamente vinculada ao cumprimento dos seus fins fundacionais. En particular, poderá intervir en sociedades promovidas por persoal investigador do sector público, conforme o disposto na Lei 14/2011, do 1 de xuño.

Así mesmo, poderá participar, en sociedades cuxo obxecto social consista na realización de actividades de investigación, desenvolvemento ou innovación; na execución de probas de concepto; na explotación ou cesión de dereitos de propiedade industrial ou intelectual derivados de resultados de investigación; na valorización e comercialización do coñecemento científico; ou na prestación de servizos técnicos relacionados cos seus fins, de acordo co previsto no artigo 36 quáter da Lei 14/2011, do 1 de xuño.

A participación requirirá acordo previo do Padroado e, se for o caso, autorización do Protectorado, nos termos regulados no artigo 28 do Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro.





Os posibles beneficios que puidesen derivarse desta participación deberán ser aplicados íntegramente aos fins fundacionais.

Artigo 44. Réxime financeiro

Na xestión económico-financeira, a Fundación rexerá de acordo aos principios e criterios xerais determinados polo artigo 118 da Lei 16/2010, do 17 de decembro.

A Fundación levará aqueles libros que sexan convenientes para o bo orde e desenvolvemento das súas actividades, así como para o adecuado control da súa contabilidade. Será en todo caso necesario formular e levar os seguintes libros e documentación:

- a) Inventario-balance
- b) Conta de resultados
- c) Memoria
- d) Orzamentos e a súa liquidación
- e) Libro diario
- f) Libro de actas

Artigo 45. Confección de Orzamentos, Rendición de Contas, Memoria Social de Actividades e Plan Anual de Actuación

Confeccionarase o orzamento correspondente ao ano seguinte, no que se recollerán, con claridade, os ingresos, os gastos e a memoria explicativa que deberá ser aprobado polo Padroado e remitido ao Protectorado, e o plan anual de actuación con memoria explicativa e certificado de aprobación do padroado, nos tres últimos meses do exercicio anterior.

Un exemplar do inventario-balance, conta de resultados, a memoria anual e a liquidación do orzamento do ano precedente serán enviados anualmente ao Protectorado, no prazo de vinte días hábiles desde a súa aprobación e, en todo caso, deberá efectuarse nos seis meses seguintes á data de peche do exercicio, acompañados de certificación expresiva de que todos eles son fiel reflexo da contabilidade, segundo se establece no Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro.



IS2605096

03/2025

XUNTA
DE GALICIA**Artigo 46. Destino de rendas e ingresos**

As fundacións de interese galego deberán destinar, por lo menos, o 70% do importe do resultado contable da fundación, cos axustes previstos neste artigo, á realización dos fins fundacionais. Non se considerarán como ingresos netos as contribucións ou doazóns recibidas en concepto de dotación fundacional, no momento da constitución ou nun momento posterior, nin as ganancias obtidas na transmisión de bens ou dereitos afectados á dotación fundacional, sen prexuízo do disposto no apartado segundo do artigo 30 do Regulamento de fundacións de interese galego, Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro.

O resto do resultado contable, non destinado á realización dos fins fundacionais, deberá incrementar a dotación ou ben as reservas da Fundación, segundo acordo do padroado.

Artigo 47. Comunicación ao Protectorado de actos de disposición e gravame

1. De conformidade co disposto no artigo 29.1º da Lei 12/2006, do 1 de decembro, están sometidos a un réxime de comunicación ao Protectorado, no prazo máximo dun mes, contado desde o día seguinte á data da súa realización, para a súa constancia no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, os seguintes actos sobre bens e dereitos do patrimonio da fundación:

- a) A alleación e gravame dos bens e dereitos que formen parte da dotación.
- b) A alleación e gravame dos bens e dereitos que estean directamente vinculados ao cumprimento dos fins fundacionais.
- c) A alleación e gravame dos bens e dereitos do patrimonio da fundación que, con independencia do seu obxecto, teñan un importe superior ao 20% do activo da fundación que resulte do último balance aprobado.

2. A comunicación ao Protectorado dos actos de disposición e gravame previstos no punto anterior, así como as comunicacións relativas á aceptación de legados con cargas ou doazóns onerosas ou remuneratorias e a repudiación de herdanzas, doazóns ou legados sen cargas, deberá acompañarse dos seguintes documentos:

- a) Certificación do acordo adoptado polo padroado da fundación, expedido pola secretaría, co visto e praxe da súa presidencia, que deberá recoller o texto do acordado, especificando a identidade e descrición do obxecto do acordo, así como a súa valoración económica, se é o caso.
- b) Unha memoria explicativa na cal se describan as razóns que o xustifican e os obxectivos perseguidos cos mencionados actos, ademais dun





pronunciamento expreso acerca da súa incidencia sobre a viabilidade económico-financeira da fundación.

3. Nos supostos de alleación de valores cotizados, a efectos de calcular a porcentaxe do 20% a que se refire o artigo 29.1º da Lei 12/2006, do 1 de decembro, acumularanse as alleacións de valores efectuadas desde a aprobación do último balance anual ata a aprobación do seguinte.

TÍTULO QUINTO

"FISCALIZACIÓN"

Artigo 48. Auditoría e control financeiro

Corresponde ao padroado a designación dun auditor nos supostos previstos no artigo 37 da Lei 12/2006, do 1 de decembro.

O nomeamento levarase a cabo antes de que remate o exercicio que se vai auditar, con suxeición aos períodos de contratación previstos na Lei 22/2015, de 20 de xullo, de Auditoría de Contas. Non se poderán revogar os auditores de contas antes de que conclúa o período para o que foron nomeados, salvo que medie causa xusta.

Excepcionalmente, o encargado do Rexistro poderá, a instancia do Protectorado ou de calquera dos membros do padroado, designar un auditor de contas para verificar as contas anuais dun exercicio determinado, nos casos en que o padroado estea obrigado a nomear auditor e non o fíxese antes de finalizar o exercicio que se vai auditar, tal e como establece o artigo 40 do Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro.

Artigo 49. Comisión de auditoría e control

No caso de que a Fundación estea obrigada a someter as súas contas a auditoría, constituirase unha comisión de auditoría e control dependente do Padroado segundo o artigo 119 da Lei 16/2010, do 17 de decembro.

Estará integrada por un mínimo de tres e un máximo de seis membros, nomeados polo Padroado, e o seu cesamento será por decisión do Padroado ou renuncia dos membros. Asistirá ademais ás súas reunións, con voz e sen voto, o/a Xerente/a. O/a Presidente/a e o/a Secretario/a serán elixidos/as por e entre os seus membros, non podendo recaer a elección en quen sexa Presidente/a do Padroado. En todo caso, a persoa representante da Consellería competente en materia de facenda integrarase na comisión de control.

A Comisión de Auditoría terá as seguintes funcións:

CONSELLERÍA DE
FACENDA E DEPORTES



IS2605097

03/2025

XUNTA
DE GALICIA

1. Informar ao Padroado por medio do Presidente do Padroado, ou persoa que el presidente considere adecuada, sobre as cuestións que no curso das reunións plantexen os membros do padroado en materias propias da competencia da Comisión.
2. Propoñer ao Padroado, por medio do Presidente do Padroado, ou persoa que el presidente considere adecuada, a designación do auditor de contas externo e, no seu caso, a revogación ou non revogación do seu nomeamento.
3. Supervisar o cumprimento do contrato de auditoría, procurando que a opinión sobre as contas anuais e os contidos principais do informe de auditoría sexan redactados de forma clara e precisa.
4. Velar pola independencia do auditor de contas, prestando atención a aquelas circunstancias ou cuestións que puideran poñela en risco, e a calquera outra relacionada co proceso de desenvolvemento da auditoría de contas.
5. Supervisar a formulación das contas anuais, vixiar o cumprimento dos requisitos legais e a correcta aplicación dos principios de contabilidade xeralmente aceptados, así como informar as propostas de modificación de principios e criterios contables.
6. Supervisar a formulación do plan Antifraude, vixiar o seu cumprimento e a correcta aplicación dos principios de prevención e detección da fraude e a corrupción xeralmente aceptados, así como informar as propostas de modificación de principios e criterios que han de observarse nesta materia.
7. Informar anualmente ao Padroado acerca da evolución e perspectivas dos gastos en relación cos fins da Fundación.

TÍTULO SEXTO

"DA MODIFICACIÓN OU EXTINCIÓN"

Artigo 50. Modificación da Fundación

1. Por acordo do Padroado, poderán ser modificados os presentes estatutos, sempre que resulte conveniente aos intereses da Fundación e se cumpran os requisitos esixidos nos artigos 42, 53 e 80 do Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro.

2. A modificación ou nova redacción dos Estatutos acordada polo Padroado comunicarase ao Protectorado.





**XUNTA
DE GALICIA**

Artigo 51. Extinción da Fundación

A Fundación extinguirase polas causas, e de acordo cos procedementos establecidos, nos artigos 47, 48 y 49 do Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro.

Artigo 52. Liquidación e adxudicación do Patrimonio

A liquidación da fundación realizaraa o padroado baixo o asesoramento do Protectorado, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 12/2006, do 1 de decembro e o artigo 50 do Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro.

Os inmovilizados pertencentes á "Rede de Ciencia e Tecnoloxía de Galicia" e financiados integramente pola Xunta de Galicia reverterán na súa totalidade á Xunta de Galicia.

Disposición transitoria única. Ocupación provisional do posto de Director/a de Infraestruturas Científicas e Apoio á Investigación

Mentres non se proceda á cobertura definitiva do posto de Director/a de Infraestruturas Científicas e Apoio á Investigación, este será desempeñado, con carácter transitorio, pola persoa titular da Subdirección Técnica, quen asumirá as funcións inherentes ao cargo nos termos establecidos nos presentes Estatutos e demais normativa de aplicación.

Esta situación manterase ata que se produza a amortización efectiva do posto de Subdirector/a Técnico/a e se formalice a cobertura regulamentaria do novo posto directivo.

Ashado por: RIAL ALCACER, CAROLINA
Cargo: Xefatura de sección
Data e hora: 05/08/2025 12:06:25
Motivo: CONCORDA CO ORIXINAL

As copias en papel deste documento teñen a condición
de copia e serán verificadas a través deste código.
CVE: 2XhQghl9SAp8 <https://sede.xunta.gal/cve>





03/2025



IS2605098

ES COPIA DE SU MATRIZ, con la que fielmente concuerda y donde queda anotado, que expido para fundación publica galega centro tecnológico de suprrcomputación de galicia en veintiún folios de papel exclusivo para documentos notariales, de igual serie al presente, números este y los veinte anteriores correlativos.- En Santiago de Compostela el siete de agosto de dos mil veinticinco.-Doy Fe. -----

